

**Francisco Javier González García**

*Universidad de Santiago de Compostela*

franciscojavier.gonzalez@usc.es

A edición impresa de *Nas orixes do celtismo galego* supón, ao mesmo tempo, un motivo de ledicia e mágoa. Ledicia por ser a necesaria aparición en papel dun traballo pioneiro, o único estudo sistemático do celtismo galego anterior ao século XIX, que, ata agora, só fora distribuído en formato electrónico (PDF) mediante descarga gratuíta dende a páxina persoal do autor no sitio web academia.edu<sup>1</sup>; mágoa porque a publicación dun traballo tan importante lévase a cabo a través dunha limitadísima edición non venal custeada polo propio autor, á marxe de calquera editorial galega e sen ningún tipo de mecenado institucional.

Fernando Pereira, neste libro, maniféstase, do mesmo xeito que na súa obra anterior<sup>2</sup>, como un investigador serio, meticuloso e rigoroso, bo coñecedor da historiografía galega, especialmente da vencellada coa temática celtista e arqueolóxica. A obra, a pesar de que o autor reconece que o papel do elemento céltico só foi fundamental no discurso histórico e identitario galego a partir do século XIX, analiza o papel do celtismo na historiografía dos séculos XVI ao XVIII, época na que, como consecuencia da recuperación da tradición clásica, os celtas foron introducidos por vez primeira na historia de Galicia. O traballo estrutúrase en cinco capítulos centrados, con excepción do primeiro, no estudo e análise dunha etapa cronolóxica concreta.

“Celtismo, definición, orixes, desenvolvemento” (pp. 17-47) estuda, a modo de introdución, o significado do concepto de celtismo, ofrecendo, ademais, unha sucinta e acertada panorámica da historia do celtismo en Europa na que se relata a transformación dun discurso sobre a barbarie, desenvolvido na Antigüidade, nunha xustificación do presente, xa na Idade Moderna, por medio da exaltación dos celtas como antepasados ilustres e que, no século XVIII e sobre todo no XIX, se transforma nun elemento fundamental na configuración identitaria dalgunhas nacións europeas.

1 <http://independent.academia.edu/FernandoPereiraGonzalez>

2 *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*. Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2001, ou os numerosos artigos publicados dende 1996 en revistas como *Gallaecia*, *Cuadernos de Estudos Gallegos*, *Boletín da Real Academia Galega* ou *Adra*.

“Antigüidade clásica” (pp. 49-74) analiza as noticias antigas sobre os celtas hispanos e galaicos que serviron de base aos posteriores discursos historiográficos celtistas. Estas informacións antigas ábreanse cun epígrafe inicial centrado nos primeiros testemuños antigos sobre os celtas en Iberia para, deseguido, organizarse nuns apartados que, de acordo cun criterio xeográfico, sistematizan os coñecementos sobre os celtíberos e Celtiberia, as poboacións célticas meridionais situadas entre os ríos Texo e Guadalquivir e os célticos do noroeste.

“Idade Media” (pp. 77-115) supón o inicio do estudo cronolóxico do celtismo, proseguído nos dous capítulos seguintes que analizan as informacións da Idade Moderna; nos tres adóptase unha mesma organización tripartita: na primeira parte analízase o contexto historiográfico xeral, a segunda céntrase na presentación do celtismo español e a terceira na exposición do caso galaico. O capítulo centrado no período medieval examina as reducidas mencións aos celtas na cronística hispana medieval. Polas súas páxinas discorren personaxes como Noé, Hércules, Tubal ou Hispán, protagonistas de imaxinarios relatos históricos, baseados na Biblia ou nas fontes clásicas, ou de tradicións inventadas empregadas para explicar o máis remoto pasado ibérico. Xunto a estas historias fantásticas, a historiografía hispana medieval tamén concedeu un papel destacado aos celtíberos ao consideralos, como ocorre nas obras de Orosio ou Isidoro de Sevilla, descendentes dos celtas da Galia ou, como en Ximénez de Rada, poboadores orixinais da Península Ibérica xurdidos de Tubal. A defensa dun celtismo medieval galaico resulta, como o mesmo Pereira recoñece, bastante discutible e, como moito, pódese falar dun protoceltismo interesado fundamentalmente no establecemento dun vencello entre Galicia e os gálatas, de orixe gala, para dese xeito explicar, coa axuda das especulacións etimolóxicas, o nome de Galicia.

Os capítulos cuarto e quinto forman o núcleo principal do libro, en especial o derradeiro, cunha extensión que case abrangue a metade do volume e que se xustifica por ser a etapa con documentación máis abundante e de maior calidade. “Séculos XVI e XVII” (pp. 117-205) estuda a tímida introdución, con respecto a outros países europeos, do elemento céltico na explicación do pasado hispano e galego, proceso derivado da recuperación do coñecemento clásico levada a cabo polo humanismo renacentista. Autores como Margarit ou Nebrija romperon, dese xeito, coa tradición historiográfica medieval e abriron paso a unha nova forma de contar a historia que tivo a súa continuación nos traballos de Florián de Ocampo ou Ambrosio de Morales.

O obxectivo fundamental da historiografía galega do século XVII, na súa maior parte inédita e representada por autores como Gerónimo del Hoyo, Castellá Ferrer, Baltasar Porreño ou Prudencio de Sandoval, consistiu na reivindicación da importancia do reino de Galicia e dos seus grupos dirixentes dentro de España e, por iso, o seu celtismo consistiu, soamente, na reiteración do relato de Ocampo sobre as incursións celtas pola Península. Esta nova historiografía, ademáis, non erradicou as prácticas características das historias de épocas precedentes e, por exemplo, nelas aínda conviven as informacións das fontes clásicas con herdanzas da Idade Media, como os ficticios antepasados hispanos, ou, como sucede no caso galego, con novas personaxes e feitos imaxinarios tomados doutras tradicións, como Brigo, suposto rei de Galicia e fundador de Brigantia.

A imaxe que a historiografía ofreceu dos celtas durante este dous séculos foi positiva e supuxo a súa integración, dentro do relato do pasado hispánico e galego, como un pobo estranxeiro que, unha vez ocupada parte da península, artellouse en distintas comunidades (celtíberos, célticos do sur e célticos do noroeste) sen chegar, porén, a acadar gran protagonismo. Os celtas, nestes séculos, endexamáis chegaron a acadar a consideración de habitantes primixenios da Península nin devanceiros dos españois ou dos galegos, aínda considerados descendentes de Tubal. O celtismo no século XVII caracterizouse, en resume, por ser un discurso moi pouco desenvolvido, historiográficamente moi limitado e, no caso galego, totalmente á marxe de calquera intento de elaboración dunha construción identitaria.

“Século XVIII” (pp. 209-447) comeza cunha presentación xeral da considerable importancia acadada polo celtismo europeo nesa centuria, grazas, en gran parte, ao desenvolvemento da lingüística céltica e ao éxito literario do *Ossian* de Macpherson. A súa recepción en España non só foi débil e tardía senón, ademáis, principalmente negativa ao supor o recoñecemento implícito da primixenia orixe francesa dos celtas. A historiografía española do século XVIII caracterizouse, tamén, polo triunfo da Ilustración e pola produción de obras que limpasen a historia de España das fábulas e relatos fantásticos e introducisen novas fontes documentais. Estas características, imposibles de xeneralizar a toda a produción historiográfica hispana deste século, maniféstanse en autores como Juan Francisco Masdeu, no que tamén se amosan, á perfección, as características xerais do celtismo hispano da época: por unha banda, a consideración dos celtas como poboadores naturais de España, enfrontándose dese xeito ao celtismo francés e á súa defensa do carácter dos galos, e por extensión dos franceses, como os celtas orixinais, conquistadores e civilizadores do resto da Europa antiga; por outra, a introducción, aínda moi limitada, de novas fontes de información, fundamentalmente lingüísticas, e arqueolóxicas, sobre todo epigráficas.

O reducido interese polo pasado local dos ilustrados galegos do século XVIII plasmouse nunha serie de obras maioritariamente inéditas e chegadas ata nós en forma manuscrita. Trátase de traballos caracterizados por gustar das antigüidades e nos que o seu posicionamento crítico coa tradición anterior, o rexeitamento dos relatos lendarios e fabulosos, convive coa aceptación doutras herdanzas do pasado como, por exemplo, a orixe bíblica dos galegos. Esta nova historiografía, ao non dispor de documentación fiable, négase a historiar as etapas máis remotas do pasado de Galicia e prefire centrarse, por influxo do seu carácter anticuario, no estudo de aspectos concretos do período romano e tentar reconstruír, coa axuda dos autores antigos, a xeografía da dominación romana, a través da localización dos lugares mencionados nas fontes ou da identificación do trazado das vías romanas.

Os trazos xerais do celtismo galego do dezaioito, centrado fundamentalmente no labor de frei Martín Sarmiento e Joseph Cornide, son idénticos aos do celtismo hispano, caracterizándose ámbolos dous polo seu alcance limitado e un interese polo céltico que sempre foi moi secundario, en comparación coa transcendencia outorgada ao elemento romano. Este feito explica o irrelevante, ou inexistente, papel dos celtas en autores como Álvarez Soutelo, Rioboo Seixas ou Huerta y Vega e, tamén, que Sarmiento e Cornide

endexamais lles adicaran un estudo monográfico. As referencias que fan posible reconstruír a importancia acadada polos celtas, xunto cos fenicios, gregos ou romanos, na historia antiga de Galicia, aparecen, porén, dispersas nas breves e escasas alusións a eles, realizadas en escritos adicados a cuestións lingüísticas, xeográficas, etc.

A importancia da lingüística é outra compoñente común ao celtismo desta época. A comparación entre as linguas célticas, a onomástica e a toponimia antiga e o léxico galego permitiu sinalar a existencia dun influxo, moi secundario, da lingua céltica sobre o galego, xa na configuración do seu léxico, como mantíña frei Martín, ou na súa formación, como defendía Cornide. A súa aplicación da análise lingüística e etimolóxica foi, porén, moi limitada nas súas conclusións e no coñecemento dos logros europeos neste eido, non estando libre, ademáis, de graves erros, como a aceptación, por Cornide, dun parentesco entre o celta e o eúscaro. A pesar destes erros, o recurso á lingüística supón a principal novidade deste celtismo que, en Sarmiento, se converteu nunha nova ferramenta que fixo posible a análise de determinados aspectos vencellados coa historia dos celtas galaicos, permitindo, por exemplo, sinalar por vez primeira o carácter céltico do topónimo *briga* ou a orixe céltica dalgúns elementos léxicos e toponímicos galegos. A principal mostra do uso da lingüística por Cornide atópase na súa hipótese sobre a ocupación celta do territorio galego, fundamentada na análise e distribución da toponimia e primordialmente da etnonimia antiga de Galicia. Outra novidade destacada foi a dimensión etnográfica deste celtismo, sobre todo no caso de Sarmiento, precursor, tamén, na observación sobre os costumes e xeitos de vida dos celtas galaicos.

A orixe extra-peninsular dos celtas tamén estaba fóra de dúbidas para os dous autores. As hipóteses de Sarmiento flutuaron entre a defensa dunha única vaga invasora, procedente da Galia, ou varias, xa en época histórica, como a invasión dos suevos, pobo erradamente considerado por frei Martín como descendente dos celtas, ou prehistórica, precedente á dos galos e protagonizada por celtas de Gran Bretaña e das costas setentrionais europeas. Cornide, seguindo a Estrabón (III, 3, 5), consideraba que os celtas entraran en Galicia dende Lusitania, onde se asentara unha parte dos galos chegados á Península Ibérica ao redor do ano 600 a. C., para poboar a costa comprendida entre a ría de Arousa e o Barbanza ata Fisterra. Tanto Sarmiento como Cornide coidaban que estes elementos célticos non eran os únicos ocupantes da Galicia antiga, senón que a compartirían cos galegos orixinais, descendentes de Noé, os gregos, en ocasións chegados despois da guerra de Troia, ou outros pobos recalados en datas máis recentes como fenicios, púnicos e romanos.

Neste capítulo tamén se analiza, en derradeiro lugar, a obra de autores menos destacados, como Herbella de Puga, González Ulloa, frei Juan Sobreira ou Pablo Rodríguez, entre outros, que tamén aceptaron a presenza celta en Galicia, convertida xa nesta altura nun lugar común na historiografía, e adoptaron un celtismo moi similar ao de Sarmiento ou Cornide. O quefacer destes autores converteu ao celtismo, na Galicia do século XVIII, nun argumento consolidado para explicar o máis remoto pasado galego que, aínda acadando un nivel superior a momentos precedentes, seguiu sendo moi pobre se o comparamos co celtismo europeo coevo. Grande parte da produción historiográfica mantida por este celtismo ficou inédita, limitándose, dese xeito, o seu alcance e influencia sobre

os autores e obras históricas posteriores. Foi, ademáis, un discurso pouco predisposto a aceptar a existencia de continuidade entre os celtas antigos e a poboación de Galicia, argumento indispensable para o desenvolvemento, como aconteceu no século XIX, dunha identidade galega diferenciada con base no compoñente étnico celta.

Nas “Conclusións” (pp. 449-464) se sintetizan as ideas básicas da obra, sinalando que o celtismo galego non foi unha invención decimonónica senón un argumento que xa, dende época moderna, formaba parte das explicacións sobre o pasado galego, sen nunca chegar, porén, a configurar un discurso único e monolítico que xustificase a oposición entre Galicia e España, novidade sobranceira do celtismo do século XIX. A obrá péchase cunha “Bibliografía” (pp. 465-551) que ofrece unha amplísima listaxe das obras citadas no texto, dividida en fontes primarias, organizadas por períodos cronolóxicos dende a Antigüedad ata os séculos XIX e XX, e fontes secundarias.

Decir, xa para rematar, que estamos en presenza dunha obra importante, de lectura obrigada para o coñecemento do celtismo galego e chamada a converterse co paso do tempo, a pesar da súa limitadísima difusión, nun clásico da historiografía galega.